

ANUNCIO

Contratación de 2 Traballador/a Social en réxime de persoal laboral fixo indefinido, proceso estabilización Lei 20/2021 (2022/E001/000041)

O día 05/08/2024, mediante a Resolución da Alcaldía, núm. 710/2024, resolveuse:

PRIMEIRO

Aprobar a proposta de contratación para a cobertura en propiedade de 2 prazas convocadas de traballador-a social (C28), correspondente á OEP extraordinaria do 2022, do Concello de Rianxo, elevada a esta Alcaldía polo Tribunal cualificador a través do anuncio de data 27/05/2024, do seguinte teor literal:

"...Declarar que teñen superado o proceso selectivo os/as aspirantes que a continuación se relacionan, e propor á Alcaldía para que sexan seleccionados para a cobertura en propiedade de 2 prazas de traballador/a social (C28) e adquiran a condición de persoal laboral fixo ao servizo do Concello, por ter acadado a maior puntuación:

DNI, Nome e apelido	Puntuación total
***7261** Rey Romay, Rosa María	100,00
***8020** Rey Somoza, Rita	100,00

"

SEGUNDO

Contratar, en réxime de persoal laboral fixo, con cadanseu contrato laboral fixo indefinido como traballadora social do Concello de Rianxo, ás persoas que se indican a continuación, nos destinos que se indican, tendo estes o carácter de provisional, de conformidade co establecido na Base Décimo Segunda.3:

Apelidos e nome	DNI	Puntuación Acadada	% xornada	Adscripción Provisional
Rey Romay, Rosa María	***7261**	100,00	100 %	Departamento de Servizos Sociais
Rey Somoza, Rita	***8020**	100,00	100 %	Departamento de Servizos Sociais

TERCEIRO

Publicar esta Resolución no BOP e DOG, así como no taboleiro de anuncios (físico e electrónico), e páxina web municipal, sen prexuízo da súa notificación individualizada ás persoas interesadas, indicándolle que a formalización do contrato laboral e a incorporación, deberán producirse, en todo caso, no prazo máximo dun mes dende o día seguinte ao da publicación da resolución no BOP.

CUARTO

Comunicar estas contratacións ao Servizo Público de Emprego, á Seguridade Social e as persoas interesadas e dar traslado ao Departamento de Persoal e Intervención para que realicen os trámites oportunos, así como ao Comité de Empresa do Concello de Rianxo para o seu coñecemento.

QUINTO

Aprobar a listaxe complementaria e crear a bolsa de emprego temporal, segundo a orde de prelación do proceso selectivo de estabilización para a cobertura en propiedade de 2 prazas de traballador-a social (C28), correspondente á OEP extraordinaria do 2022, do Concello de Rianxo, e elevada a esta Alcaldía polo Tribunal cualificador a través do anuncio de data 27/05/2024, do seguinte teor literal:

"...Establecer a relación/listaxe complementaria integrada polas seguintes persoas aspirantes non propostas para a cobertura da praza en propiedade, e pola orde descendente da puntuación final acadada no proceso, unha vez procedido ao desempate segundo o establecido nas bases xerais:

Núm. orde	DNI, Apelidos e Nome	Total
1	***3810** Mella Rosende, Mónica	82,10
2	***2298** Sanmartín López, Javier	31,35
3	***6328** Doval Álvarez, Natalia	21,90
4	***8498** Rey Cebreiro, Betania	17,00
5	***5936** Martínez Becerra, María Dolores	12,10
6	***7260** Ocampo González, Rosa María	10,40
7	***8259** Álvarez González, Marta	10,00
8	***4456** Estévez Barros, Adriana	10,00
9	***3839** Tembra Peneireiro, María José	10,00
10	***9327** Álvarez Cernadas, Leticia	10,00
11	***7022** Vieites Freire, Adriana	10,00

12	***4646** Rivas Nogueira, Graciela	10,00
13	***8180** Lojo Prol, Raquel	10,00
14	***8132** Rey Trillo, María	0,00

“

SEXTO

Crear a bolsa de emprego temporal para prazas de auxiliar administrativo/a, de conformidade co establecido na Base Décimo Cuarta, conformada polas persoas que se indican a continuación:

Núm. orde	DNI, Apelidos e Nome	Total
1	***3810** Mella Rosende, Mónica	82,10
2	***2298** Sanmartín López, Javier	31,35
3	***6328** Doval Álvarez, Natalia	21,90
4	***8498** Rey Cebreiro, Betania	17,00
5	***5936** Martínez Becerra, María Dolores	12,10
6	***7260** Ocampo González, Rosa María	10,40
7	***8259** Álvarez González, Marta	10,00
8	***4456** Estévez Barros, Adriana	10,00
9	***3839** Tembra Peneireiro, María José	10,00
10	***9327** Álvarez Cernadas, Leticia	10,00
11	***7022** Vieites Freire, Adriana	10,00
12	***4646** Rivas Nogueira, Graciela	10,00
13	***8180** Lojo Prol, Raquel	10,00
14	***8132** Rey Trillo, María	0,00

É condición inescusable para a pertenza á devandita bolsa o mantemento durante a vixencia desta dos requisitos relacionados esixidos nas presentes bases.

As persoas integrantes da bolsa só serán titulares dunha expectativa de dereito a seren contratadas ou nomeadas segundo a orde de prelación da listaxe.

Esta entidade acudirá á dita bolsa, de conformidade co establecido na Base Segunda.4 das bases específicas que rexen e regulan a convocatoria e desenvolvemento dos procesos extraordinarios de estabilización do emprego temporal do Concello de Rianxo, onde se indica que as persoas integrantes dela poderán ser contratadas eventualmente de acordo coas circunstancias que

recolla a normativa vixente no momento da contratación (baixa ou renuncia do persoal seleccionado, cobertura de baixas médicas...).

SÉTIMO

Aprobar as normas de funcionamento da citada bolsa que figuran no Anexo I do presente documento.

Contra dita resolución poderá interpoñerse, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o Sr. Alcalde no prazo dun mes, contado dende o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, ou ben, recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, contados dende o seguinte ao da súa publicación, ante os Xulgados do Contencioso-administrativo, de conformidade co disposto na Lei 39/2015 de 1 de outubro e na Lei 29/1998 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, significándolle que no caso de interpoñer recurso de reposición, non poderá interpoñer o recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio administrativo.

O presente anuncio sorte os efectos da notificación, de conformidade co disposto no artigo 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común.

Rianxo, martes 18 de marzo de 2025.

O alcalde, Julián Bustelo Abuín